



CONCELLO DE VIGO

DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente N°: 97/142

Xustificación XGL Extraordinaria urxente: ORZAMENTO 2026

ORZAMENTO 2026**Asunto: Xustificación para súa inclusión na convocatoria dunha sesión Extraordinaria da Xunta de Goberno Local.**

A formación dun proxecto orzamentario é unha tarefa complexa, que obriga a obtención da información necesaria e de certezas en relación coa previsión de ingresos e gastos, e a súa vez a formular simulacións en procura dos equilibrios necesarios, tanto no ámbito da xestión operativa como no plan de investimentos, así como a necesidade por imperativo legal, de dar cumprimento aos obxectivos das regras fiscais para o ano 2026, que ao ser rexeitado polo Congreso dos Deputados en sesión do 23 de xullo de 2024 o acordo do Consello de Ministros de 16 de xullo, teñen carácter vinculante os obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para o Subsector Local na Actualización do Programa de Estabilidade 2023-2026, de 28 de abril de 2023.

Na primeira fase de formación, espérase que se de cumprimento aos prazos iniciais establecidos no inicio da tramitación do expediente e na formación do calendario de tramitación do expediente, que no transcurso do proceso, vai experimentando axustes que teñen causa tanto en factores de carácter externo como de carácter interno, que finalmente remata con algún trámite extraordinario na tramitación do expediente.

O proxecto de formación iniciouse o 01/07/2025 e as directrices e criterios de formación foron asinados o 08/07/2025, neste proceso, fóronse acadando os prazos inicialmente previstos, aínda que algúns estudos previos tiveron que volver a avaliarse, o que xerou distintos axustes no calendario de tramitación até o resultado final, entre os factores máis externos máis relevantes, hai que resaltar os seguintes:

1.- A valoración do custe de determinados Servizos esenciais:

- Mantemento de xardíns, Zonas Verdes, Rotondas e Castro,
- Prestación servizo SAF,
- Servizo de atención ao público e seguridade dependencias culturais,
- Bolsa de alugueiros,
- Servizo de control de analíticas,
- Mantemento de P. Infantís e biosaudables,
- Servizo de transporte público urbano colectivo

2.- Outro dos factores que atrasou o peche do proxecto, é a incerteza en cando aos custes de persoal, que ademais ten pendente a actualización do ano 2025, o que dificulta aínda máis a previsión do ano 2026, que finalmente estimouse nun 1,8% sobre o 2% pendente do ano 2025. No entando, toda esta proxección, quedará suxeita aos acordos que se adopten e as normas que se aproben para a súa aplicación.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 23/10/2025 10:53

Páxina 1 de 3

97-142

CSV: A5A6D3-2A32B1-EC8353-KRJFG3-L41ZUZ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente N°: 97/142

Xustificación XGL Extraordinaria urxente: ORZAMENTO 2026

3.- Outro factor de carácter externo é a cuantificación da cesión de tributos do Estado, o Fondo Complementario de Financiamento e a Liquidación definitiva das entregas a conta do ano 2024. Este recurso ten unha importancia moi relevante, está a representar o 37,84% das previsións de recursos correntes non financeiros do proxecto orzamentario da Entidade para o ano 2026. Non hai comunicación oficial de ningún tipo, as previsións se fundamentan en información interna da que se ten coñecemento, que se espera que o incremento para o ano 2026 sexa entornao ao 5% do recibido no ano 2025, de aí fíxose unha estimación do 2,1% para as entregas a conta e un 2,7% para a liquidación do ano 2024.

4.- Outros factores, aínda que estes de carácter interno, foi a demora na formación e aprobación do proxecto na Xerencia Municipal de Urbanismo e o retraso no peche de cifras do capítulo 1 do estado de gasto, que motivou o último axuste no calendario.

En resume, no proceso de formación do proxecto de Orzamento, concurren moitos factores tanto de carácter interno como externo, estes últimos, resumidos na falta de información básica que da certeza á cuantificación do capítulo 1 do estado de gastos e tamén ás previsións de ingresos que afectan aos capítulos 1, 2 e 4, que representan o 37,84% dos ingresos correntes, non sendo imputables á Entidade, senón a Administración Central, que deberá facer a notificación das entregas a conta no prazo que posibilitase que a formación, tramitación e aprobación dos Orzamentos, se fixera nos prazos legais.

En consecuencia, tivéronse que axustar os prazos de tramitación e aprobación do Orzamento do ano 2026, tendo que estar publicado antes do remate do ano, para dar cumprimento a este prazo legal, é preciso que se inclúa o expediente na convocatoria dunha sesión extraordinaria urxente da Xunta de Goberno Local para o 23 de outubro, por ser este o prazo que garante que tramitación do expediente que se achega de cumprimento á convocatoria de todos os órganos nos prazos legalmente previstos.

CALENDARIO DE TRAMITACIÓN DO ORZAMENTO

Outubro

Emisión de informe de fiscalización: 23/10

Aprobación do Orzamento Xeral pola Xunta de Goberno Local (extraordinaria-urxente): 23/10

Convocatoria Comisión Informativa: 23/10

Apertura da Comisión informativa de orzamentos e Facenda para a presentación de emendas: 28/10

Convocatoria de Consello Social: 29/10

Novembro

Remate do prazo para a presentación de emendas: 4/11 ás 12 horas

Resolución de emendas e nova proposta á Comisión Informativa: 6/11

Convocatoria CI para ditame de emendas, 6/11

C.I. ditame de emendas 11/11

Xuntanza do Consello Social da Cidade: 12/11



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/10/2025 10:53	Páxina 2 de 3
97-142	CSV: A5A6D3-2A32B1-EC8353-KRJFG3-L41ZUZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente N°: 97/142

Xustificación XGL Extraordinaria urxente: ORZAMENTO 2026

Convocatoria do Pleno aprobación inicial: 11/11

Celebración do Pleno: 14/11

Publicación do anuncio no BOPP: 19/11

Exposición ao público a partires do (inclusive): 20/11

Decembro

Remate da exposición ao publico: 12/12

Contestación de alegacións, data límite: 15/12

Convocatoria Comisión Informativa de orzamentos e Facenda Ditame aprobación definitiva: 15/12

Xuntanza da Comisión informativa: 18/12

Convocatoria do Pleno: 18/12

Pleno da Aprobación definitiva: 23 /12

Publicación aprobación definitiva no BOPP: 29/12

De non darse cumprimento ao devandito calendario, o un de xaneiro do ano 2026 non entraría en vigor o Orzamento que conforma o expediente 97/142 o que obrigaría a unha prórroga do Orzamento do ano 2025, cos axustes preceptivos.

Estas son as causas que xustifican a necesidade da convocatoria dunha sesión da Xunta de Goberno Extraordinaria urxente para o día 23 de outubro, que xa supón unha demora en relación co expediente 90/142, Orzamento do ano 2025, que a Xunta de Goberno Local aprobou o 18/10/2024, polo que, propónse a convocatoria do órgano para dita data para someter a proposta do Sr. Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda á decisión do devandito órgano.

En Vigo, o Tesoureiro Director Superior Contable e Orzamentario: Luis García Alvarez

Conforme coa proposta

O Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira

Delegación da área, Resolución Xenérica da Alcaldía de 28 de xuño de 2024 e corrección erros do 1 de xullo, publicada no BOPPO nº 134 de 10 de xullo, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 28 de xuño de 2024, publicada no BOPPO nº 134 do 10 de xullo de 2024



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/10/2025 10:53	Páxina 3 de 3
97-142	CSV: A5A6D3-2A32B1-EC8353-KRJFG3-L41ZUZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		